



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 1 DE XULLO DE 2021

No día de hoxe, ás 20.00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba
M^a del Carmen Torreiro González
Manuel Rodríguez Santos
Aurora Varela Duro
Jesús Manuel Segade González

Rafael Rivadulla Varela
Jesús Gómez Camino
Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos
Lucía López Sobrado

Emilio García Vázquez
Begoña Balado Conde
SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

1. APROBACION SE PROCEDE, ACTAS SESIÓN DE 6 E 28 DE MAIO DE 2021

*Con respecto a acta do 6 de maio de 2021:

-Indica o Sr. García Vázquez (de CxG), que en dita acta no punto 6 da Orde do día nomeado DITAME MOCIÓN DO PP, RELATIVA A INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A POÑER



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAIXAR O PREZO DA LUZ non se recolle o voto de CXG, así como tampouco se recollen algúns comentarios do alcalde.

Indica a secretaria:

Que en dita acta consta o seguinte.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame da moción presentada polo PP, non aprobando a mesmo, por 6 votos en contra (5 dos concelleiros/as AxA e 1 da concelleira do PSOE), 2 abstencións dos 2 concelleiros/as do BNG e 3 votos a favor dos 3 concelleiros/as do PP, polo tanto dita moción non se aproba.

Indica a secretaria que sí hai un erro, polo que procedese a rectificar no sentido de que serían 4 votos a favor (3 concelleiros/as do PP e 1 do concelleiro de CXG)

En canto a que faltan por recoller algúns comentarios do alcalde, indica a secretaria, que na redacción das actas intenta recoller todo literalmente, pero no ROF indicase que as actas deberan ser sucintas, polo que sempre que non exista unha contradición entre o que se dixo e o que se transcribe na acta, non hai por que rectificala.

Indica a Sra. López Sobrado que na acta de 6 de maio de 2021, atopou os seguintes erros de transcripción, polo que quere solicitar que se corrixan:

- Na paxina 17, na acta consta que se aprobara un ROM en consenso, e ela dixo sen consenso, e solicita que se incorpore a s que falta.
- Na súa intervención nos orzamentos, na acta pon orzamentos mais resolutivos, e ela dixera orzamentos mais expansivos
- Polo que solicita que se cambien, porque cambian o sentido do que ela expresara.
- Na páxina 79 hai unha pregunta referente o lavadoiro do rio Vello, na cal non aparece a resposta do alcalde, aínda que na acta consta contesta o alcalde, e o alcalde dixera que xa estaba arranxada e non estaba

Indica o alcalde, que xa dou orde a mantemento.

A acta de 6 de maio de 2021, queda rectificada, quedando aprobada por unanimidade.

A acta de 28 de maio de 2021 queda aprobada por unanimidade.

2.TOMA POSESIÓN DO NOVO CONCELLEIRO



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Indica a secretaria:

-Que no pleno extraordinario de 28 de maio de 2021 acordárase:

1. Tomar coñecemento do cese por falecemento da concelleira María del Carmen Fuentes Ríos con DNI 44830151
2. Comunicar a Xunta electoral Central que de conformidade co disposto no artigo 182.1 da Lei orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime electoral Xeral na súa redacción pola Lei orgánica 1/2003 de 10 e maio o candidato seguinte na lista chamado a cubrir a suplencia do cargo de concelleiro é Jesús Manuel Segade González con DNI nº 78804651 G.
3. Remitir certificado do presente acordo á Xunta electoral Central aos efectos correspondentes.

-Que o certificado de dito acordo foi remitido a Xunta electoral Central, que o recibiu o 24 de maio de 2021, remitindo con data de entrada de 4 de xuño de 2021, rexistro 835 a credencial que sinala: “Que Don Jesús Manuel Segade González se designa concejal del ayuntamiento de Arzúa por estar incluído na lista de candidatos presentada por ALTERNATIVA POR ARZÚA a las elecciones locales de 26 de mayo de 2019, en sustitución, por fallecemento, de doña María del Carmen Fuentes Ríos.”

-Que esta credencial entregouse o concelleiro interesado, o cal aportou a declaración de bens e de causas de posible incompatibilidade o 28 de xuño de 2021, con rexistro de entrada 996.

-Que cumpridos todos estes trámites debe procederse a toma de posesión.

En cumprimento do artigo 108 da Lei orgánica de réxime Electoral Xeral 5/1985 de 19 de xuño e o artigo 1 do Real Decreto 707/ 1979 de 5 de abril , pola secretaria procedeuse a tomar o xuramento ou promesa:

“¿Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”

Contestando dito concelleiro: “Si prometo”

Toma posesión do cargo.

3.-DITAME SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASOCIACIÓN CULTURAL NOSA SEÑORA DO CARME. EXPTE TEDEC 2021/A004/000001.

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminado favorablemente na Comisión



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

de contas e de economía e facenda , de data 28/06/2021, no seguinte sentido:

PRIMEIRO; Proceder á aprobar inicialmente a base de execución nº 52, incluíndo no listado de axudas nominativas a conceder no exercicio, unha vez se aprobe definitivamente o orzamento para o exercicio, unha axuda por importe de 5.000 € a favor da Asociación cultural Nosa Sra. Do Carme, para a asunción dos gastos de contratación de actuacións musicais para a celebración das ditas festas.

SEGUNDO; Acompañar novo anexo de gastos referidos ao capítulo 4º , no que se detalle na liña correspondente ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 338 480 00, que o crédito dotado é de 16.800 €, para axudas destinada a gastos derivados da celebración de festas parroquiais e para a concesión dunha axuda nominativa a Asociación Cultural Nosa Sra. Do Carme (acompañase anexo modificado).

TERCEIRO .- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.

CUARTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación.

QUINTO- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

Deseguido interveñen:

- A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar:
 - Que en primeiro lugar quere darlle a benvida a novo concelleiro.
 - Que con respecto a este punto, vai votar a favor, porque cre que estas axudas son moi importantes, xa que a festa do Carme é unha das festas mais importantes do municipio, por mor da pandemia o ano pasado xa non se puido ter ningún tipo de actividade.
- O Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:
 - Que aproveitan para dar tamén a benvida o novo concelleiro, lamentar a situación pola que ten que tomar posesión e desexarlle moita sorte , porque todo o ben que o faga será bo para este concello.
 - Que en canto este punto, xa foron tratadas varias destas subvencións hai pouco nos orzamentos que están en fase de elaboración, e nese momento abstiveranse, entre outras moitas cousas, porque había unha subvención



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

nominativa que vai a unha asociación relixiosa de 700 euros e o seu grupo propoñía que se cambiara e fora para o colexio publico, porque lles parece que era de mais utilidade, e dado que agora se incorpora unha nova subvención nominativa para a festa do Carme, van cambiar o voto e van votar a favor.

- Aledase moito de que se empece a normalizar a situación, ogallá que a festa saia o mellor posible.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar:

- Que lle da a benvida o novo compañeiro e espera que veña con ánimo suficiente para aportar algo.
- Neste punto, que xa votaran a favor, non saben se aparte desta aportación económica hai algún tipo de aportación por parte do Concello, espera que o concello teña unha implicación mais directa se non este ano o que ven, así como con outros eventos que teñan lugar aquí.

• O Alcalde para manifestar:

- Quere mostrar a súa gratitude polas palabras que tivo a oposición hacia o grupo de AxA nun momento complicado como foi o falecemento da súa compañeira.
- Que esta subvención incluíuse agora, non se incluíu nos orzamentos, neste tipo de cuestións é difícil acertar co que podería pasar. Naquel momento decidiuse incorporar as festas nas parroquias pensando que nalgunha parroquia poderían facer festa, con Arzúa non se fixo porque se pensaba que a situación non ía estar como está, e afortunadamente hai xente que se anima a organizar.
- Que co que acaba de dicir o concelleiro do PP, afortunadamente teñen puntos de vista diferentes, durante os anos que estivo de alcalde mantívose na mesma postura, por unha razón que xa dixo moitas veces, hai asuntos en que Arzúa ten que ser tratada como unha parroquia mais, independentemente de que ten unhas características e circunstancias que a diferencian con respecto a outras parroquias.
- Que non pode ser que haia parroquias pequeniñas que lles coste moito traballo como Tronceda ou Figueiroa organizar as súas festas e Arzúa non o faga, iso e consecuencia de moitos anos de que o concello fixo mais fincapé na vila, segue pensando que iso é unha inxustiza con respecto a outras parroquias. O concello organiza a festa do Queixo con bastante pouca axuda a nivel privado, polo que Arzúa como unha parroquia mais sexa capaz de organizar a súas festas non resulta nada estrano.
- Que se trata de facer pedagogía, imos promover que sexa a propia poboación a que se mova e faga as festas se as quere.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por unanimidade (6 votos dos concelleiros/as AxA, 1 concelleira do PdsG-PSOE, 3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos concelleiros/as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno ACORDOU:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

PRIMEIRO; Proceder á aprobar inicialmente a base de execución nº 52, incluíndo no listado de axudas nominativas a conceder no exercicio, unha vez se aprobe definitivamente o orzamento para o exercicio, unha axuda por importe de 5.000 € a favor da Asociación cultural Nosa Sra. Do Carme, para a asunción dos gastos de contratación de actuacións musicais para a celebración das ditas festas.

SEGUNDO; Acompañar novo anexo de gastos referidos ao capítulo 4º , no que se detalle na liña correspondente ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 338 480 00, que o crédito dotado é de 16.800 €, para axudas destinada a gastos derivados da celebración de festas parroquiais e para a concesión dunha axuda nominativa a Asociación Cultural Nosa Sra. Do Carme (acompañáñase anexo modificado).

TERCEIRO .- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.

CUARTO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación.

QUINTO- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

4.- DITAME SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2021. EXPTE TEDEC 2021/T002/000010.

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de contas e de economía e facenda , de data 28/06/2021, cuxo contido e o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 2/2021 SC por importe de 109.936,79 € co seguinte desglose:

ORZAMENTO DE GASTOS:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA A SUPLEMENTAR	DESCRICIÓN	EUROS
---------------------------------------	------------	-------

1532 619 00	vías públicas acceso a núcleos de poboación. Outros investimentos de reparación de infraestructuras.	35.488,11 €
459 619 00	Investimentos de reparación en outras infraestructuras (senda peonil)	48.362,49 €
933 632 00	Xestión do patrimonio (edificios/instalacións municipais). Outros investimentos de reparación de edificacións/instalacións	26.086,19 €

ORZAMENTO DE INGRESOS:

FINANCIAMENTO	RTGX
870 00 Remanente de Tesoureiría para gastos xerais	109.936,79 €

SEGUNDO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.

TERCEIRO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación resumida por capítulos no BOP, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

CUARTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

QUINTO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Deseguido interveñen:

*A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar:

-Que son obras que eran moi importantes levar a cabo, como o peche de San Martiño, o local social de Dombodan, pintura Capela da Madalena, a sinalización que esta moi deteriorada, a ruta de colesterol.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) para manifestar:

-Que vai votar a favor neste punto, pero queren facer unha pregunta sobre o que se chama popularmente a ruta do colesterol, na memoria nomease senda ciclista e outras senda peonil, polo que supoño que sería un erro.

-Van votar a favor, entre outras cousas, porque nos orzamentos que están para aprobarse, unha das nosas propostas era arranxar a chamada popularmente ruta do colesterol, acusousenos de demagoxia nese momento, pero aledamonos de que o grupo de goberno o tivera en conta.

-En canto a partida de 1.600 euros para a capela de Madalena, e pregunta ¿Como está o convenio? Porque estanse facendo investimentos e nalgún momento parece ser que houbo algún tipo de problema en canto a cesión desa capela para distintos actos.

-Votan a favor porque o resto das obras son obras menores que poden ser necesarias.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para indicar:

-Que van votar a favor destes investimentos, aínda que hai unha cousa que lles preocupa, que a veces cando se rematan os investimentos, a veces demorase o inicio dos mesmos, un informe da interventora sobre a falta de control ou que ese control se pode mellorar cando se paga por un servizo ou obra o concello non observa deficiencias.

-Que eles teñen reclamado que cada vez que se remate unha obra estea o alcalde ou algún concelleiro e persoal do concello, nestes últimos decretos constaba que na obra de Boente facía acto de presenza o alcalde, pero en moitas das obras que esta facendo o concello o descontrol e total, por exemplo: a ruta que hai entre a Fontesanta e as Hortas deixa moito que desexar, xa que agora mesmo xa non se da pasado polo tramo onde está a pedra mais a madeira, xa que está cuberta polas herbas, a semana pasada limparon ali nunha finca e quedou unha árbore alí atrancada, outro caso é o famoso mirador de Maroxo que a concelleira do PSdeG, anunciabao como unha cousa moi bonita, porque se ve toda Arzúa, pero hai un banco sen ningún tipo de soporte que estaba inclinado e tamén o soporte que se puxo para poñer algun tipo de información, un poste que hai en Boente onde fixeron un buraco na terra, botaron auga, area e o



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

cemento e deixaron os sacos alí dentro non esta ben, polo que debería haber un control das obras que fai o concello.

- O alcalde para indicar:

- *Con respecto o que comentou o Sr. Carril Ramos:

- Que había algunhas obras das que propuxeran que se iran facendo con cargo o remanente como é o caso da sinalización da ruta do colesterol.
 - Con respecto o convenio, o principio houbo un pouco de polémica coa chegada do padre Fabio, esa polémica acabou e o convenio segue en vigor, se ben e certo que habería algunhas cousas que renovar como sería a xente que pertence a asociación, porque hai xente que non está.
 - Con respecto a falta de control das obras, como ben sabedes no concello hai un técnico, tal como indica a interventora nos seus informes como tiñan que ser as cousas necesitariase un reximento de xente, hai un técnico que cre que é moi escrupuloso co tema das obras que o PP fixo toda a demagogia habida e por haber cando se contratou, a queixa teñena as empresas e construtores porque lles anda moito encima, que as veces non chega a todo e verdade, xa que ten moito traballo con todo o cambio que está habendo no concello, porque a parte de vixiar as obras, facer memorias ten que facer un monton de informes que se lle requiren tanto de alcaldía, secretaría e intervención, polo que é unha das persoas que mais traballo ten deste concello.
 - Se entramos no tema das herbas, agora mesmo hai herbas en todos os concellos ata en Santiago, pero non se da feito, a ruta de senderismo hai pouco que se limpou, pero en 15 días a herba volve a crecer, aínda que tamén teñen contratado un tractorista que se adica a facer as rozas, para a semana farase un contrato como apoio o traballo dos dous tractores cos que conta o concello.

- *O Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar:

- Que el prestarialle agora mais atención ao mantemento da ruta de senderismo, porque agora no verán usase mais.

- *A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para indicar :

- Que a ruta xa se limpou dúas veces, cando empezan a traballar os do PEL empezaran a limpar, pero medra moito, e haberá sitios en que tamén terá que habela.
 - No mirador vanse poñer unha sinalización, luns e martes quedaron de poñela, e ela non viu que estivera o banco colgado, pero mirárase.

- *O Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:

- Que neste expediente de suplemento de crédito, demostra a falta de previsión do goberno, porque estamos coa elaboración duns orzamentos que se aprobaran seguramente hoxe, e un pouco lamentable que xa se teñan que andar correxindo e facendo estas modificacións, antes de elaborar os orzamentos habería que facer mais traballo para traer as cousas mais detalladas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

*Indica o alcalde:

-Que non é falta de previsión, pero hai un remanente bastante amplo, moito del gastado na Fraga do Rei e xa se contaba que algunhas das cousas que se van facer vanse facer con cargo o remanente, xa ten explicado que os orzamentos non dan para moito mais e os concellos estamos todos igual un pouco a expensas de que nos deixen gastar ou non o remanente para facer algún tipo de investimento, porque o resto practicamente se vai en pagar servizos

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por unanimidade (6 votos dos concelleiros/as AxX, 1 concelleira do PsdG-PSOE, 3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos concelleiros /as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 2/2021 SC por importe de 109.936,79 € co seguinte desglose:

ORZAMENTO DE GASTOS:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA A SUPLEMENTAR	DESCRICIÓN	EUROS
1532 619 00	vías públicas acceso a núcleos de poboación. Outros investimentos de reparación de infraestructuras.	35.488,11 €
459 619 00	Investimentos de reparación en outras infraestructruas (senda peonil)	48.362,49 €
933 632 00	Xestión do patrimonio (edificios/instalacións municipais). Outros investimentos de reparación de edificacións/instalacións	26.086,19 €

ORZAMENTO DE INGRESOS:

FINANCIAMENTO	RTGX
870 00 Remanente de Tesoureiría para gastos xerais	109.936,79 €

SEGUNDO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.

TERCEIRO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación resumida por capítulos no BOP, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

CUARTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

QUINTO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

5.-DITAME INADMISIÓN ALEGACIÓNS ORZAMENTO MUNICIPAL . EXPTE TEDEC 2021/G006/000010

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de contas e de economía e facenda , de data 28/06/2021, cuxo contido e o seguinte:

PRIMEIRO: Que sexan inadmitidas as alegacións presentadas contra o orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021, aprobado inicialmente , e que en consecuencia que quede definitivamente aprobado o mesmo.

SEGUNDO: Que se publique no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de aprobación definitiva, así como se de comunicación da aprobación definitiva do dito expediente a Administración Estatal e Autonómica, procedendo a rendir a información sobre o mesmo a través da plataforma de rendición de información da “ Oficina Virtual das Entidades Locais.

Deseguido interveñen:

*A Sra. López Sobrado (do BNG) para indicar:

- Que mais ala da cuestión formal, que estas alegación teñan cabida ou non neste proceso de elaboración dos orzamentos, pero hai unha cuestión de fondo que lles parece importante deixar sobre a mesa, que é a necesidade de estabilización que hai deses posto de traballo, pensan que o goberno e o alcalde deben de tomar nota para que sobre todo nun futuro non os pille co pe cambiado e as cousas sen facer, porque



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

non hai mais que ter en conta información recente que saiu do Ministerio de Política Territorial e Funcion Pública, na que parece ser que xa están a traballar nun proceso de estabilización do emprego no sector público, a través segundo informan dun Decreto lei ou por sentenzas recentes que aínda saíron estes días, como a do Supremo, que se axusta a xurisprudencia europea e recoñece que as interinidades están en fraude de lei e as interinidades de mais de tres anos deberíanse recoñecer non como indefinidos senon como fixos, ou outras sentenzas que están recoñecendo indemnizacións a persoas que levan moitos anos como interinas que ao adxudicarse esas prazas en procesos de consolidación de emprego público son despedidas.

- Parécelles importante deixar isto sobre a mesa, para que o goberno tome nota e faga todo o que ten que facer, polo ben dos traballadores/as que poidan estar nesa situación no concello e polo ben das arcas municipais, porque se o final houbese que pagar indemnizacións teríamos que pagalas todos/as co diñeiro público.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para indicar:

-Que non son espertos na materia, pero entenden que hai unha base legal que impediría que estas alegacións tivesen un sentido, teñen o mellor un sentido de fondo pero entenden que non é o procedemento, cren que hai unha mesa de negociación cos sindicatos que é onde se toman estes acordos, e cre que cara a finais de ano ese acordo se materializaría o tema da funcionarización deses empregados.

*O alcalde para informar:

-Que deberíamos ter unha canle oficial, xa non sabe se a Xunta de Voceiros ou algo mais informal para ter un pouco mais de comunicación, sobre todo por que nestes últimos anos o concello ven sufrindo cambios moi importantes e debería haber mais diálogo para que os concelleiros tiveran mais información e poideiran aportar cousas.

-Que de todas as lexislaturas que leva, esta é na que se ve nunha espiral de traballo de cousas que o sobrepasan.

-Que con respecto a tema deste punto xa se viñan facendo cousas con respecto a RPT a que se incorporaron unha serie de postos que quedarán fora na anterior RPT, se incluíron porque eses postos levan moitos anos no concello, polo que son imprescindibles, no anterior pleno tamén se levou o tema das adscricións, polo que é un paso mais que se esta dando, haberá que sacar a oferta de emprego público, que hai un mes despois da aprobación definitiva dos orzamentos para quitala, e tamén estamos a expensas do que o Ministerio de Administracións Públicas saque con respecto a iso,

-Que o obxectivo deste goberno é crear unha estabilidade nestes postos de traballo que levan anos sendo temporais, e ao mesmo tempo facer unha organización do traballo do concello que cumpra as expectativas dos cambios que esta a sufrir a Administración Local.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por 10 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA , 1 concelleira do PSdG-PSOE, , 2 dos concelleiros /as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) e 3 abstencións dos concellos/as PP o Pleno



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

ACORDOU:

PRIMEIRO: Que sexan inadmitidas as alegacións presentadas contra o orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021, aprobado inicialmente , e que en consecuencia que quede definitivamente aprobado o mesmo.

SEGUNDO: Que se publique no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de aprobación definitiva, así como se de comunicación da aprobación definitiva do dito expediente a Administración Estatal e Autonómica, procedendo a rendir a información sobre o mesmo a través da plataforma de rendición de información da “ Oficina Virtual das Entidades Locais.

6.- DITAME MOCIÓN PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN A CONECTIVIDADE NO TERMO MUNICIPAL DE ARZÚA

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente o acordo proposto na moción, na Comisión informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal de data 28/06/2021, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación de Arzúa sitos no Concello de Arzúa

SEGUNDO.- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que, no territorio galego e no marco das súas competencia, priorice o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como “zonas brancas” na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de facto, así como dote tamén de cobertura ás zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital, e teña en conta as achegas dos concellos como institucións mais próximas á realidade e mellor coñecedoras das necesidades do seu territorio

TERCEIRO.- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación do noso concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia.

Sendo o contido de dita moción o seguinte:

“ A día de hoxe, e cada vez mais, a conectividade de forma similar as redes de electricidade, de abastecemento de auga ou transporte, configúrase como unha infraestrutura esencial no desenvolvemento da sociedade.

A importancia da necesidade de cobertura púxose de manifesto sobre todo nos últimos meses debido á situación motivada pola pandemia da Covid-19, que evidenciou a importancia desta



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ferramenta para o tele traballo de milleiros de persoas, na adecuación, no acceso aos servizos públicos e incluso como único medio de comunicación coas familias e amigos, entre outros.

Pero ademais, existen numerosos estudos que amosan unha correlación positiva entre a penetración das redes de alta capacidade nun país e o crecemento económico do mesmo.

A propia UE fixou como obxectivos estratéxicos de conectividade para 2025:

- a conectividade de alta velocidade para todos os principais motores socioeconómicos.
- unha cobertura 5G sen interrupcións nas zonas urbanas e grandes vías de transporte terrestre.
- e un acceso á conectividade que ofrezca polo menos 100 Mbps a todos os fogares europeos.

Na mesma liña, o Goberno do Estado na axenda dixital “España Digital 2025” establece como obxectivo, garantir unha conectividade dixital adecuada para o 100% da poboación, promovendo a desaparición da fenda dixital entre as zonas rurais e as urbanas e establecendo como meta para o ano 2025 o 100% da poboación con cobertura 100 Mbps.

A Xunta de Galicia, co obxectivo de configurar un futuro dixital para a cidadanía galega e contribuír ao desenvolvemento económico, social e medioambiental do noso territorio, fixou como folla de ruta a Estratexia Galicia Dixital 2030, asegurando así a integración e perfecta coordinación co establecido pola UE e a España Digital 2025.

Neste sendo, os concellos como administracións máis próximas aos cidadáns atendemos a diario as peticións de acceso á cobertura de banda larga ultrarrápida que realizan as veciñas e veciños, así como as empresas das zonas con falta de conectividade ou insuficiente conectividade. Estas demandas non só as fan os nosos veciños e empresas, senón tamén aqueles que desexan instalarse no noso concello.

A necesidade destas peticións é evidente. Por poñer uns exemplos sinxelos: como podemos nun concello ofrecer administracións electrónica ou comunicarnos electronicamente cos administrados se estes non dispoñen de internet?, por qué lle negamos a un veciño que dispoña dunha casa rural anunciar ou xestionar as reservas no seu negocio?

Por tanto a conectividade, é dicir, o acceso a Internet mais rápida e de mellor calidade ten unha importancia crecente, non só para a competitividade empresarial, a innovación e a cohesión territorial, senón tamén pola súa contribución á inclusión social, e en definitiva á mellora da calidade de vida dos veciños, para evitar o despoboamento e mellorar o desenvolvemento dos concellos.

Tendo en conta que as telecomunicacións son servizos de interese público, estando garantido o dereito de todos os cidadáns ao acceso en condicións adecuadas independentemente da dispersión poboacional, da orografía e o relevo do territorio, e dado que os concellos ao igual que o resto de administracións públicas temos a obriga de velar pola igualdade de oportunidades de toda a cidadanía e toda vez que detectamos que no Concello de Arzúa non existe despregamento de redes nos núcleos de poboación de Arzúa.

En base ao anteriormente exposto o Grupo Popular do Concello de Arzúa solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

PRIMEIRO.- Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación de Arzúa sitos no Concello de Arzúa

SEGUNDO.- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que, no territorio galego e no marco das súas competencia, priorice o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como "zonas brancas" na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de facto, así como dote tamén de cobertura ás zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital, e teña en conta as achegas dos concellos como institucións mais próximas á realidade e mellor coñecedoras das necesidades do seu territorio

TERCEIRO.- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación do noso concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia"

Deseguido interveñen:

*A concelleira do PSdeG-PSOE, Begoña Balado Conde, para indicar:

-Que está de acordo en parte coa moción do PP, porque en Arzúa fai falla conectividade polo tema de internet, aquí no núcleo urbano, pero sobre todo en varias parroquias do rural, sobre todo na zonas de San Martiño, Oins.. e mais agora que hai xente que está traballando telematicamente e estudantes.

-Que lle estrana que o PP traia esta moción, cando leva Feijoo en dúas lexislaturas polo menos decindo que en todos os concellos do rural onde hai necesidade de conectividade a internet era nula ou practicamente nula, ía arranxar o tema, e aínda non o arranxou, aquí en Arzúa a única subvención que dou a Xunta de Galicia para este tema foi de 30.000 euros hai dous anos, e foi imposible nun mes poñer ningún tipo de antena, porque había que ter todos os permisos polo que era imposible

-Que hoxe faloron cunha empresa que esta esperando os permisos.

*O concelleiro do BNG, Xoan Xesus Carril Ramos, para manifestar:

-Que van votar a favor, entre outras cousas porque xa teñen traído o pleno propostas neste sentido, para mellorar esta situación que é bastante deficitaria neste concello.

-Que estrañalles a moción o PP, xa que en toda a moción non nomea para nada a Xunta de Galicia, e a Xunta de Galicia tamén ten competencias ao igual que o concello de Arzúa, porque cando eles propuxeron no pleno unha proposta de mellora , o concello adquiriu o compromiso de facer algún tipo de obra ou xestión para mellorar este tipo de comunicacións.

-Que é lamentable que haxa parroquias que non teñan cobertura de telefonía móbil,



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

hoxe non se pode falar dende aquí con gran parte de San Martiño, Oins e Dodro.
-Que lles gustaria instar ao goberno municipal a montar a fibra optica no noso concello, polo que comentou a concelleira do PSOE, parece que hai unha empresa interesada en montar a fibra optica no noso concello, polo que se inste a empresa que sexa o mas extensible posible para darlle servizo a maior parte da nosa veciñanza e non se quede solo no núcleo de Arzúa, senón que chegue a maioría das parroquias ou a todas, porque hoxe todos dependen dixo, as explotacións gandeiras tamén, porque moitos trámites teñenos que facer telematicamente, por ese motivo ainda que o PP non quere comprometer a Xunta de Galicia coa moción, eles van votar a favor.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para indicar:

- Que esta é unha necesidade que xa había antes da pandemia, aínda que co tema da pandemia o tema das telecomunicacións colleu un protagonismo especial, pero xa antes había unha serie de plans tanto por parte do goberno central, como pola Xunta de Galicia, o goberno central ten un programa que se chama axenda españa dixital 2025 no que ten incluído un plan de conectividade e unha estratexía para a extensión do 5G,, dos 113 concellos que temos en Galicia, hai 30.300 núcleos que supón un 49% do que é toda España, a dispersión da poboación fainos singulares.
- Que hai un servizo universal de banda ancha, está pensado para levar telefonía fixa e internet os fogares pero sen facer uso das redes móbiles.
- Que dende a Xunta pedíronlle ao goberno central, que dentro de ese servizo universal de banda ancha, entrara a cobertura móbil tanto por voz como por datos, que a día de hoxe aínda non está incluído. Dentro dese plan do goberno central, esta pensado para sacar axudas en función do que está delimitado nese plan, e as axudas delimitan tamén as zonas onde se van facer actuacións, polo que non é unha cuestión que poida decidir a Xunta de Galicia, salvo actuacións complementarias que si ten unha certa liberdade a Xunta de Galicia, que este ano tivo acordos coa FEGAMP, para o resto as actuacións e as zonas defineas o goberno central, define unhas zonas brancas e unhas zonas grises, as zonas brancas son as que non hai previsión de que veña un operador nos vindeiros 3 anos a dar unha cobertura e as zonas grises serían as que nos vindeiros tres anos xa contan cun operador polo menos para que lle vaia dar cobertura.
- A Xunta de Galicia si tivo algun programa e un plan de banda larga 2020 e deses 30.300 núcleos de poboación que ten Galicia levaron banda larga 11.300 , aínda queda o resto, a Xunta non pode decidir a zona, temos un 49% de núcleos e levar cobertura a todos estes sitios é complicado,
- Que lles gustaría presionar para que esas zonas se estuden doutra maneira e incluso incorporar a cobertura a través de móbil tanto de internet como de voz.

*O alcalde para manifestar:

- Que a súa formación estivo falando sobre as dúas mocións que se presentan hoxe, aínda que no fondo están de acordo, vanse manter o marxe entre as disputas entre as dúas administracións, porque as dúas mocións veñen nese



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

sentido.

-Que hai unha empresa que supón que a través de fondos europeos, está levando a cabo a obra necesaria en distintos concellos, para despois poder contratar esa infraestrutura a algún operador, esta empresa fíxoo en Silleda, Chantada e en mais concellos.

-Neste concello atopáronse cun funcionamento distinto con respecto a outros concellos, que segundo explicaron que nalgún concello co proxecto que presentaron, que non era proxecto nin nada senón un plan de seguridade, xa arraxaron, cousa que aquí non lle valeu, tamén hai outra problema os informes sectoriais de patrimonio e todo iso.

-Tiveramos unha reunión con eles para poñerlles os pes na terra e para decirlles que aínda que fora unha comunicación previa, necesitaban un proxecto máis amplo e a aprobación sectorial, hoxe chamáronos para saber se mandarían eles a patrimonio o novo proxecto e dixeron que o ían mandar luns ou martes.

-O primeiro era o núcleo e hoxe xa falaban de que pensaban levalo a algunha parroquia desas zoas obscuras, cando estivo aquí o subdelegado do goberno quedou de mandar o mapa das zonas, por si a situación de Arzúa se correspondía.

-Vanse abster, porque haberá que instar a Xunta de Galicia, os alcaldes independentes, socialistas e nacionalistas deberíamos estar manifestándonos porque xa está ben desta manía de Feijóo de tirar balóns fora.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación esta moción, con 6 votos a favor (3 votos dos concelleiros/as PP, 1 concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do BNG), e 7 en abstencións (6 dos concelleiros/as de AxA e 1 da concelleira do PsdeG-PSOE), o Pleno **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación de Arzúa sitos no Concello de Arzúa

SEGUNDO.- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que, no territorio galego e no marco das súas competencias, priorice o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como “zonas brancas” na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de facto, así como dote tamén de cobertura ás zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital, e teña en conta as achegas dos concellos como institucións máis próximas á realidade e mellor coñecedoras das necesidades do seu territorio

TERCEIRO.- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

do noso concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia.

7.- DITAME MOCIÓN BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente o acordo proposto na moción, na Comisión informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal de data 28/06/2021, no seguinte sentido

1. Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Arzúa da súa política enerxética, por contribuír ao incremento de factura eléctrica dunha parte importante dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.
2. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a reclamar do goberno do Estado que abra un novo proceso para una regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:
 - a) Baixada do IVE na factura eléctrica, do actual 21% ao 4% (superreducido), e eliminación do imposto especial da electricidade.
 - b) Tendo en conta o histórico espolio enerxético que sufrimos na Galiza, reclamar unha tarifa eléctrica propia para Galiza, que, atendendo aos verdadeiros custos da produción permitiría a factura da luz para as galegas e galegos e beneficiar as galegas e galegos por sermos territorio produtor excedentario de enerxía eléctrica, compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.
 - c) Modificar a Lei do sector eléctrico e os últimos cambios tarifarios de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.
3. Instar ao goberno da Xunta de Galiza á creación dunha empresa pública galega de enerxía. Inicialmente integrando os encoros que vaian rematando o período de concesión, así como a participación noutros ámbitos de xeración de enerxía para a socialización dos beneficios.

Sendo o contido da moción o seguinte:

“ O pasado 9 de Marzo de 2021 o Consello de Ministros, a proposta de MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8 h e as 13 h polo mañá e as 18 a 13 h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento media na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posibel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semallante ao descrito, como é o da hostelería, xa duramente golpeado polo pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.-Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Arzúa da súa política enerxética, por contribuír ao incremento de factura eléctrica dunha parte importante das dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.
- 2.-Instar ao goberno da Xunta de Galiza a reclamar do goberno do Estado que abra un novo proceso para una regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:
 - a) Baixada do IVE na factura eléctrica, do actual 21% ao 4% (superreducido), e eliminación do imposto especial da electricidade.
 - b)Tendo en conta o histórico espolio enerxético que sufrimos na Galiza, reclamar unha tarifa eléctrica propia para Galiza, que, atendendo aos verdadeiros custos da produción permitiría a factura da luz para as galegas e galegos e beneficiar as galegas e galegos por sermos territorio produtor excedentario de enerxía eléctrica, compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.
 - c)Modificar a Lei do sector eléctrico e os últimos cambios tarifarios de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.
- 3.-Instar ao goberno da Xunta de Galiza á creación dunha empresa pública galega de enerxía. Inicialmente integrando os encoros que vaian rematando o período de concesión, así como a participación noutros ámbitos de xeración de enerxía para a



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

socialización dos beneficios.

A secretaria fai constar que posteriormente a celebración da Comisión do 28/06/2021, o voceiro do grupo municipal do partido popular, presenta por sede electrónica unha emenda de substitución a moción do BNG, na que fai está proposta de acordo:

Trasladar ao Goberno de España que adopte as medidas necesarias dirixidas a reducir o impacto negativo da nova tarifa eléctrica na economía das familias e na competitividade das empresas a través do impulso, como mínimo, medidas:

1. Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, así como da supresión do gravame do imposto sobre a produción de electricidade.
2. Traspasar aos Orzamentos Xerais do Estado algúns dos custos regulados da tarifa eléctrica, a débeda do sistema eléctrico e os custos extrapeninsulares.
3. Revisar a tributación que soporta a factura eléctrica e impulsar unha reforma fiscal que harmonice a fiscalidade que esta factura soporta en España cos gravames medios dos países do noso entorno.
4. Co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, conceder máis peso específico ao termo de enerxía que o de potencia.
5. Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión, e poñer en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente para evitar o encarecemento da subministración eléctrica.
6. Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15Kw para o consumidor doméstico, con fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico"

Indica a Secretaria que a emenda contén aportacións que non varia do ditame da CI, e considera que debería votarse primeiro a emenda.

*Toma a palabra a concelleira do BNG, Lucía López Sobrado para indicar, que lles gustaría expoñer previamente a moción, porque teñen unha proposta para facerlle o grupo do PP en relación con esta emenda, polo que pasa a expoñer o seguinte:

-A moción que se trae ao pleno aborda a problemática xerada a raíz da aprobación por parte do goberno do estado da nova tarifación na factura da luz, que pensa que é sobradamente coñecida por todos/as os presentes e que vai supoñer na maioría dos casos adaptar os usos e hábitos de consumo para non ver aumentada a factura da luz en moitos casos, e noutros, como caso de sectores económicos e laborais como gandeiros e hosteleiros adaptarse a eses novos tramos tarifarios vai ser imposible para evitar pagar máis na factura da luz.

-Que os acordos que trae a súa moción, van na liña de reclamar o que é de xustiza, que as galegas/os somos produtores excedentarios de enerxía, padecemos impacto social desa produción enerxética, e aínda por riba pagamos por exportar enerxía o estado español.

-Por todo isto, dende o BNG pensamos que deberíamos ver compensada esta



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

situación cun abaratamento da factura da luz, para isto o BNG en unha proposta moi clara, ter unha tarifa eléctrica galega que atenda os verdadeiros custe de produción e compense ese impacto ambiental e social por xeración desta enerxía eléctrica, que se traduciría automaticamente nun abaratamento dos prezos da luz

-Que outra medida que consideran importante, e a rebaixa do IVE ao 4%, que e o IVE que deberían pagar todos os bens de primeira necesidade, eles entenden que a luz e un ben de primeira necesidade, actualmente o PSOE e Podemos aprobaron unha baixada do IVE do 10% por 6 meses, e iso parécelles claramente insuficiente, e eles seguiran a reclamar esa baixada do IVE superreducido o 4%

-Que defenden unha empresa pública galega de enerxía, que permita socializar eses beneficios, e que as galegas/os vexan iso reflectido nas súas facturas.

Que en relación coa emenda que presenta o PP, esta emenda parte dunha proposta a que votaron favorablemente no parlamento, igual que estiveron de acordo nese momento no parlamento, non terían problema en votar a favor aquí deses acordos, o que non estaríamos de acordo e de que fora unha emenda de substitución, porque vería a substituir todos os acordos que expuxo e parécelle fundamental que se manteña a mocion, entre outras cousas esta emenda que presenta o partido popular entenden que viria a dar reforzo a unha situación moi circunstancial no momento presente, e a mocion do BNG o que pretende e atallar e un problema estrutura que ten a nación gallega.

- Dende o BNG pensan que o sistema eléctrico precisa dunha reforma profunda e non de parches.

- Que con mocions como esta o que estamos e abordar a necesidade de correxir un problema estrutural que ten Galicia e porlle fin a unha estafa que padecen os galegos/as como espolio enerxético ao que se ven sometidos, e nese sentido non podemos aceptar a emenda do PP tal e como se formula como emenda de substitución, en todo caso aceptarían engadir a emenda do PP como punto 4 a moción.

*O concelleiro do PP, Rafael Rivadulla Varela indica:

-Que entenden a argumentación do BNG, eles presentaran hai dous meses unha moción neste sentido, a traves de dúas medidas deferentes, que o fin era o mesmo, rebaixar o prezo da luz, un prezo que neste momento está disparado, e non é que se diga aquí senón as asociacións de consumidores que se podería haber disparado arredor do 50%.

-Que non acepta que a emenda vaia como punto 4 na mocion presentada polo BNG, queren que sexa unha emenda de substitución.

Explica a secretaria:

- Que hai un ditame aprobado pola Comisión informativa, se se somete a votación o ditame e éste prospera que sería o lóxico,



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Hai dúas formas de decidir como votar as emendas:

Votar a emenda antes e se prospera, entender o ditame votado con esa emenda, pero neste caso queren substituír todo o contido.

*Indica a Sra. López Sobrado que se o BNG non admite a emenda da súa moción non hai mais voltas que darlle.

*Indica o Sr. García Vázquez (CxG): Que quere felicitar a ambos partidos polas propostas que fixeron, e espera que cheguen a un acordo.

*Indica a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):

-Que está de acordo con moitos puntos da moción o BNG, pero pensa que o goberno central privatizou as eléctrica e iso e a base de bastantes problemas.

-Que todos estamos de acordo de que a luz está carísima e que hai agricultores e gandeiros que lles está costando pagar as facturas, pero tamén quere recalcar que dende que o PSOE está no goberno central, fixése a rebaixa do IBI pasou do 21% o 10%, que lle consta que a ministra de industria está traballando noutro tipo de medidas, agora mesmo os sectores mais vulnerables teñen moito tipo de axudas no tema da luz, como son os bonos sociais, ninguén que teña a renda baixa está nas súas casas sen calefacción e sen luz, polo que se vai abster na votación.

*Indica a Sra. Lopez Sobrado (do BNG):

-Que cre que está moi claro o que expoñen na moción, e antes xa o expuxo, o que están a falar de se hoxe esta moi caro o megavatio, ven dun problema estrutural da nación, e que se pode atallar con propostas como a tarifa eléctrica galega que ten o BNG enriba da mesa, poñer parches non vai servir para cortar ao oligopolioelectrico que se esta lucrando a nosa canta, e a luz non sube se os gobernos non queren, e o problema é que os gobernos fan o que as empresas do IBEX 35 lles manden tanto o goberno do estado como a xunta

-O BNG xa ten dito por activa e pasiva cal e a súa posición e nesa posición se van manter, lamentan non poder facer ese engadido da proposta que traia o partido popular, porque votaron a favor no parlamento porque lles parecíaa que esas propostas poden ser beneficiosas para os galegos/as e lamentan que se pretenda anular todo o contido da moción que presentaron substituíndoa pola emenda presentada polo PP, en lugar de engadila se se considera que pode ser beneficiosa.

*Manifesta o alcalde:

- Que o seu grupo vai votar a favor da moción, xa que fala dunha tarifa eléctrica especial para galicia, e como explicaba a concelleira do BNG somos produtores e padecemos as consecuencias mediambientais que supón iso, e tamén a creación



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

dunha empresa pública galega de enerxía, porque está moción afonda mais en resolución de problemas mais a longo prazo pero importantes.

*Indica a Sra. López Sobrado, que pide disculpas, porque entendeu mal as palabras que dixo o alcalde no punto anterior, porque pensou que estaba metendo a todos no mesmo paquete, polo que agradece a aclaración.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por 9 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA, 2 dos concelleiros/as do BNG e 1 concelleiro de CxG), 1 abstención da concelleira do PSdG-PSOE, 3 votos en contra dos concelleiros/as do PP o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.-Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Arzúa da súa política enerxética, por contribuír ao incremento de factura eléctrica dunha parte importante das dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

SEGUNDO.-Instar ao goberno da Xunta de Galiza a reclamar do goberno do Estado que abra un novo proceso para una regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- A)Baixada do IVE na factura eléctrica, do actual 21% ao 4% (superreducido), e eliminación do imposto especial da electricidade.
- B)Tendo en conta o histórico espolio enerxético que sufrimos na Galiza, reclamar unha tarifa eléctrica propia para Galiza, que, atendendo aos verdadeiros custos da produción permitiría a factura da luz para as galegas e galegos e beneficiar as galegas e galegos por sermos territorio produtor excedentario de enerxía eléctrica, compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratemento dos prezos.
- C)Modificar a Lei do sector eléctrico e os últimos cambios tarifarios de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

TERCEIRO.-Instar ao goberno da Xunta de Galiza á creación dunha empresa pública galega de enerxía. Inicialmente integrando os encoros que vaian rematando o período de concesión, así como a participación noutros ámbitos de xeración de enerxía para a socialización dos beneficios.

8.- DACION CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

238/2021 de data 30 de abril de 2021 ata o nº 401/2021 de data 28 de xuño de 2021.

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Ningún dos grupos manifestou nada o respecto, polo que se pasou a tratar o seguinte punto.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

*Indica o alcalde:

-Que respecto as preguntas do anterior pleno ordinario, algunhas xa as contestara no momento que foron formuladas

*Con respecto a obra da Travesía o alcalde dálle a palabra a Sra. Balado Conde para que conteste a esta pregunta, indicando a Sra. Balado Conde o seguinte:

-Estase elaborando un proxecto que está a piques de rematar, a raíz dunha reunión que tiveron na delegación do goberno.

- Que coa construción da autovía hai un problema de tráfico, e veu aprobado para poñer uns semáforos manuais e cambiar os pasos de peóns, o Ministerio de Fomento fixo o estudo, e a raíz dese estudo decidiuse que a mellor maneira era sacar dous pasos de peóns diante da Abanca e outro diante da confitería a esquina e facer un paso de peón central con semáforos manuais, dende o inicio da travesía van poñer señalizaciones intermitentes para regular o tráfico para que se reduza a velocidade.

- A travesía hai 8 anos ou 9 anos que se fixo, pero está nun estado bastante deteriorado, no mes de novembro o alcalde e ela foron a unha reunión a Delegación do Goberno, e explicaronlle a problemática que había co firme de toda a travesía, non só en Arzúa, senón zonas de Castañeda e Boente que están bastante mal. A partir desa reunión aceptaron facer a restructuración da rúa. Veu varias veces a subdelegada de goberno ao concello, os enxeñeiros de estradas tiveron unha reunión con nos e cos técnicos municipais, en todo momento informaronnos de todas as actuacións que están facendo e de como vai o proxecto, contase que en setembro estea todo rematado, segundo un correo que lle mandaron onte.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

*Respecto a pregunta da información que se lles da os veciños de San Salvador, o alcalde contesta:

-Estase a seguir o procedemento que marca a lei, hai unha serie de alegacións que serán contestadas. Neste momento o alcalde cédelle a palabra a Secretaria, a cal pasa a explicar o seguinte:

Agora mesmo está en avaliación de impacto ambiental a modificación do planeamento, entón teñen que decidir se está sometido ou non a avaliación ou non de impacto ambiental, e dentro de ese procedemento se poden participar os interesados e despois tería que vir coas autorizacións necesarias sectoriais para a aprobación inicial plenaria, despois da aprobación inicial podense presentar alegacións, todo o procedemento esta no informe xurídico que consta no expediente, e todo o procedemento tramitado está publicado na páxina web con toda a documentación.

*Respecto o tema da radio, o alcalde contesta:

- Hai demasiadas cousas abertas e outras por abrir no concello, e a única maneira que ten de compensar de que non haxa consello da radio e que el e os seus concelleiros non participan nela, xa non se acorda cando foi a ultima vez que foi a radio.

-Que no momento en que estean mais aliviados, intentaran facelo ou polo menos convocar as asociacións para que elixan os seus representantes.

*Respecto a pregunta do PP sobre o tema do lixo o alcalde contesta:

-Non teñen pensado polo momento rebaixar mais o recibo do lixo, porque como xa ten explicado moitas veces, que busquen outro concello onde o recibo do lixo sexa mais barato que en Arzúa, cre que non hai moitos.

-Que non cre que esa sexa unha cuestión tan importante, xa que é difícil atopar concellos que teñan o recibo do lixo por 35 euros.

-Que teñen pedido un técnico de medioambiente conxuntamente co concello de Boimorto, estamos a expensas de que se nos conceda, e teñen previsto un traballo para el nese sentido, teñen preparados algúns composteiros para facer algunha actuación en núcleos mais pequenos, para que a xente faga o seu propio compós, pero mellor ter un técnico de medioambiente que supervise todo.

-Pretenden facer tamén campañas de concienciación da xente, para que non faga cousas que se están facendo.

*Respecto o Rally Terra da Auga:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Este concello participou conxuntamente cos concellos veciños de Boimorto, Pino, Touro e Boqueixón.

-Hai cousas que terán que falar todos os alcaldes coa organización para a próxima convocatoria, xa que hai cousas que se fixeron este ano que non foron do seu agrado, como proba que conta para o campionato de Europa algúns cambios eran necesarios, pero aínda non tiveron esa reunión.

*O Concelleiro de CxG, Emilio García Vázquez, formula os seguintes **ROGOS**:

-Que respecto os pasos de peóns que se van suprimir, pide se estude ben, xa que o paso peonil ven a facer a función de establecer conexións na rúa, porque cando o cidadán chega a esquina non vai a ir para outra esquina para ir a certo punto, se se eliminan pode ser que as persoas crucen fora dos pasos peóns

-Que pide o concelleiro de deportes, que se activen os proxectos deportivos e culturais, abrir o campo de fútbol, locais sociais, para realizar actividades como zumba ou ioga, porque son actividades moi demandadas.

* Contesta o alcalde:

-Os locais sociais están abertos e no campo de fútbol están agora cambiándolle o céspede

- En canto as actividades de zumba e ioga, empezarán en outubro como todos os anos, pero hai que sacar a nova contratación das escolas deportivas, porque xa venceu o contrato, os pregos están feitos pero falta que os revise a técnica de administración xeral, para despois proceder a súa publicación.

*A concellería do BNG, Lucía López Sobrado, formula as seguintes **PREGUNTAS**:

1. En relación as piscinas cuberta e descuberta: ¿cal é o horario de verán estipulado no contrato de xestión destas instalacións? ¿Sabe o alcalde cal é a data de apertura das instalacións da piscina descuberta que figura no contrato? ¿Sabe o alcalde cando abriu a piscina descuberta este ano 2021? ¿Sabe o alcalde se a empresa está cumprindo cos horarios estipulados no contrato? ¿Esta a empresa presentando os informes de mantemento que está obrigada por contrato e cal foi o último que presentou? ¿Esta a empresa cumprindo co plan de mantemento?

2. En relación o chiringuito de Ribadiso: ¿ Que pasou ca licitación, xa que a comezos de maio o alcalde dixo que se ían poñer con ese procedemento?, gustaríalles ter información de como está ese asunto. ¿Ten vostede coñecemento dalgunha persoa ou persoas interesadas en optar a xestión desta instalación municipal que se dirixiran o concello? ¿Que obras se estiveron realizando no edificio do chiringuito?



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

3. En relación as obras realizadas nas Fervenza das Hortas: ¿Xa foi certificada esta obra ou en que punto está?
4. En relación as obras do parque infantil do casco urbán: ¿Cando se ten previsto o remate e a apertura do parque?
5. Sobre un rogo que lle fixo o BNG no comezo este mandato sobre a instalación de desfibriladores nalgúns puntos de afluencia de persoas no noso concello: ¿Que actuacións se teñen levado a este respecto?
6. En relación co servizo de limpeza e recollida de lixo: ¿ten vostede coñecemento de que o lixo está por fora dalgúns contedores, e chega a estar así ata 3 ou 4 días seguidos?, este problema no verán agravase polos cheiros que se xeran,¿ ten coñecemento de que hai rúas nas que o lixo campaa as súas anchas polas beirarrúas e hai elementos que votan meses agardando que alguen os vaia a recoller, como o caso da rúa Xosé Neira Vilas cara o cemiterio ou na zona da praza de San Juan?. Sabemos que a veciñanza puxerose en contacto con vde.para demandarlle isto e non recibiron atención pola súa parte. ¿Vai facer algo a este respecto?
7. ¿Cando van comezar as obras da rúa Fraga do Rei?
8. ¿Cando se van sacar a licitación as obras que hai pendentes do POS dende o ano 2018?
9. Sobre as obras que realizou o concello de Arzúa nunha finca no concello de Melide, sen licenza e sen autorización de patrimonio ¿houbo algunha resposta de patrimonio o informe feito pola secretaria, no cal se recoñece que o concello obrou ilegalmente?
10. Hai mais dun ano fíxose un rogo sobre a pasarela do río en Casaldoeiro, que o temporal arrastrou. Teñen información de que Augas de Galiza vai facer a limpeza do río e van retirar esa pasarela ¿Este goberno ten pensado volver a colocala, construír unha nova, ou que ten pensado facer ao respecto?

* A concelleira o BNG, Lucía López Sobrado, realiza os seguintes **ROGOS**:

- 1.- Que na paxina web de SOGAMA, poideron saber que houbo uns composteiros que se entregaron a este concello, polo que solicitamos que o reparto se faga coa máxima transparencia e cun sistema que garanta un reparto xusto dos mesmos, xa que eses composteiros segundo SOGAMA ten publicado foron entregados ao concello de Arzúa para ser dispostos a disposición da veciñanza.
2. En relación as piscinas municipais, a vista de que todo parece indicar, que os horarios que está anunciando a piscina tanto na cuberta como descuberta non se corresponden cos que figuran no contrato, rogase que se faga cumprir o horario que está no contrato, tanto para piscina cuberta como descuberta, xa que hai un deterioro



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

do servizo por esta razón, e así llo manifestaron moitos veciños/as que son usuarios das dúas piscinas.

*O concelleiro do BNG, Xoan Xesús Carril Ramos, formula as seguintes PREGUNTAS relacionadas cos decretos que son moitos e moitas veces bastante inconcretos:

1. En relación co decreto 377/2021, relacionado co contratado para o derrubo do 6º andar. ¿Cal é a proposta da empresa para entrar nos pisos e locais?
2. En relación co decreto 291/2021, relativo a imposición dunha sanción tributaria ao Concello de Arzúa ¿Con que se corresponde esta sanción?

*O concelleiro do PP, Rafael Rivadulla Varela formula os seguintes ROGOS e PREGUNTAS:

ROGOS:

-Que arranque xa o parque infantil, xa que se empezaron as obras hai tempo, a semana pasada de 5 días laborais só traballaron un, non sabe cal é o problema, xa levan tempo queixándose desta cuestión e nun artigo da Voz de Galicia de 24 de marzo de 2021, cuxo título é "Arzua ultima la inminente reforma de su parque infantil". Os nenos boa parte do semestre pasaron sen poder acceder o parque, e hai overboking no de Santa María, e o alcalde decía que o PP mentía, "porque nas ultimas datas foise avanzando nos distintos trámites previos o comezo das actuacións e a propia empresa xa foi adiantando o traballo, contando a día de hoxe no almacén cos novos xogos que se van instalar no parque", pero a día de hoxe aínda non se abriu, entenden que houbo algún tipo de problema ou coa empresa, ou administrativo ou de pagos, non é normal que se tarde tanto cando e chegar e colocar.

Resposta o alcalde, que o retraso ten unha explicación fácil, o problema foi o tempo, porque necesitaban 3 semanas seguidas con bo tempo para poñer o caucho, e non as houbo.

-Que o chiringuito de Ribadiso segue pechado, e xa estamos metidos no verán, e temémonos que imos pasar o ano sen o chiringuito. E pide que se lle dea a concesión por 9 ou 10 anos para que alguén que queira facer unha actividade, e se necesita facer algún tipo de investimento, ese investimento se poida amortizar, e non como no último ano que a concesión foi por meses.

Resposta o alcalde, que pase por secretaria para que a secretaria lle explique a problemática que hai para poñelo a 2 anos, como por encima poñelo a 10 anos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Continua o Sr. Rivadulla Varela cos seus Rogos:

- A constitución do consello de Administración da Radio, que confiemos que sexa para este ano
- Na finca destinada a aparcamento na avda. de Lugo poñer algún punto de iluminación cara o interior da parcela.
- O horario da piscina climatizada parcelles escaso, de luns a venres de 9.30 a 1.30 e de 6 a 10.30h.
- Que en canto o Rally Terra da Auga que o concello faga un esforzo extra este ano.

PREGUNTAS:

- 1.¿ Como se vai a facer a partir de agora a recollida de cans?
2. ¿O Concello ten pensado facer algo de cara o vindeiro curso para a constitución dun Consello Escolar?
3. Que se faga un calendario para limpeza de fincas, e non só límpalas cando hai festa.
4. Modificación puntual do PXOM das fincas agrícolas, non sabemos agora en que punto esta.

Contesta a secretaria:

-Que antes contestou mal, hai dúas modificacións en tramitación, esta modificación que plantea unha reclasificación do solo, é a que está en avaliación de impacto ambiental, e a de delimitación de núcleo, xa pasou a avaliación de impacto ambiental, xa foi aprobada inicialmente e xa se pediu a urbanismo que solicitara informes sectoriais, e remitíronnos que ao ser delimitación de núcleo o fixera o concello e xa se remitiron copias, despois volve ao pleno cando estean esas autorizacións sectoriais, o procedemento esta publicado na paxina web, e o informe de secretaria fala do todo o procedemento, e os veciños poden presentar alegacións a esa aprobación provisional.

Indica o alcalde o concelleiro do PP que espera que sexa a última vez que lle oia decir que foi unha manobra electoralista

5.¿Saber por que este ano o Concello non participou en FITUR?

As 21:52 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde,	A secretaria,
------------	---------------



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

José Luis García López

Rebeca Vázquez Vázquez